



Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura electrónica.

PROVIDENCIA DE INCOACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

<u>Obxecto do contrato</u> SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA PANTALLA LED PARA VIDEOMARCADOR NO CAMPO DE FÚTBOL DE A LOMBA		<u>Número de contrato:</u> CT 27/2024 - e
<u>Procedemento de contratación:</u> Aberto Aberto Simplificado X Restrinxido Con negociación	<u>Forma de tramitación do expediente</u> Ordinaria X Urxente Emerxencia	<u>Tramitación do gasto</u> Ordinaria X Anticipada
<u>Valor estimado do contrato:</u> 18.144,64 €	<u>Órgano proponente:</u> Concellería de Deportes	<u>Criterios de adjudicación:</u> Prezo Pluralidade de criterios X

A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 18 de marzo de 2024, acordou aprobar o Prego de Prescricións Técnicas para o “Subministro e instalación dunha pantalla LED videomarcador no Campo de Fútbol de A Lomba”, redactado polo Director de Actividades Deportivas do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Juan Miguel Doval Blanco, cun orzamento de licitación (IVE engadido) de 21.955,01 €.

Mediante Resolución Presidencial da Deputación Provincial de Pontevedra, de data 27 de marzo de 2024, foi concedida subvención para o investimento “Subministración e instalación dunha pantalla Led videomarcador no Campo de Fútbol de A Lomba”, por importe de 21.955,01€, con cargo ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas.

Con data 25 de xuño de 2024, o concelleiro de Deportes xustificou a necesidade do contrato de subministración e instalación dunha pantalla LED para videomarcador no Campo de Fútbol de A Lomba. Con este investimento búscase que a referida instalación deportiva, cuxa iluminación acaba de ser completamente renovada para conseguir acadar os estándares requiridos para a celebración de partidos na categoría de segunda RFEF e mellorar a súa eficiencia enerxética, se adapte ás esixencias dos espectáculos deportivos de alta competición.

O art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente





expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP e normas concordantes. Así mesmo, o primeiro dos preceptos mencionados determina que se incorporarán ao expediente o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas particulares que han de rexer o contrato e, sempre que o contrato orixine gastos para a Administración, o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente lle substitúa, e a fiscalización da Intervención e a aprobación do gasto, no seu caso, nos termos previstos nas leis.

O importe total da actuación ascende a 21.955,01 € (IVA incluído), que será financiada ao 100% con cargo ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas da Deputación Provincial de Pontevedra.

O contrato ten por obxecto a adquisición e instalación dun subministro de acordo co disposto no art. 16 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, sendo o seu valor estimado de 18.144,64€.

A contratación realizarase mediante procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, toda vez que o valor estimado do contrato é inferior ao límite de 143.000 € establecido no artigo 21.1.a).

Estableceranse nos pregos unha pluralidade de criterios de adxudicación co obxecto de conseguir a mellor oferta calidade prezo, que permita, finalmente, obter un subministro de calidade e unha resposta adecuada as necesidades que se plantexan.

Polo exposto, dispoño:

A iniciación do expediente de contratación de subministro relativo a “Subministro e instalación dunha pantalla Led para videomarcador no Campo de Fútbol de A Lomba” e que o mesmo se tramite polo procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es/wps/portal/plataforma>).

O alcalde

Alberto Varela Paz
(sinatura electrónica)

